

Breve semblanza de Rafael Dieste*

Carlos Gurméndez

As lembranzas balízanse dende o entusiasmo espertado ós meus dezasete anos polos comentarios sobre literatura ata o abraio que me causou, paseando polos Cantóns da Coruña, a real vitalidade dos seus oitenta e dous anos cando coa máis espontánea sinceridade me di:

Estoy deseando llegar a viejo, para saber lo que se siente.

Dous meses despois, unha desgraciada caída polas empedradas escaleiras da súa casa de Rianxo, impediulle para sempre analizar este sentimento.

Coñecino no Café de las Flores onde tiña un faladoiro o seu irmán Eduardo, narrador, dramaturgo, filósofo da literatura, fundador da revista *P.A.N.* (Poetas andantes y navegantes), magnífico profesor que nos ensinaba ós mozos a escribir meditando a palabra. Unha tarde, apareceu Rafael que regresaba de Bélxica e Francia, tras unha viaxe de estudos sobre o teatro de vangarda e entretívonos coas súas asombrosas interpretacións sobre *El estupendo Cornudo*, de Gromelynk, a arte dramática e a poesía pola súa modernidade vangardista. Pronto establecín con el unha relación amigable e descubrí que o seu equilibrado racionalismo non lle impedía ser un creador imaxinativo. Outra das súas características era a bondade que ocultaba pudoroso como un segredo íntimo. Pola noite, reuniámonos en La Granja del Henar, faladoiro no que se prolongaban os eruditos diálogos co seu irmán Eduardo, e ó que asistían Urbano Lugrís Freire, pintor, Cándido Fernández Mazas, pintor e crítico de arte, Lorenzo Varela, poeta, o líder sindicalista Alberto Fernández Mezquita, a pintora Maruxa Mallo e Eugenio Granell. Manifestamente simpatizaba coa esquerda, convencido de que a revolución social levaría a cabo a precisa transformación do mundo, sen militar en ningún partido pois era inimigo tanto da ortodoxia simplista coma da heterodoxia dispersiva. Nas súas ideas exerceron unha grande influencia Enrique Fernández Sendón (Fersen) e Alberto Fernández Mezquita anque, indubidablemente, o seu verdadeiro mestre foi o seu irmán Eduardo con quen, dende

* A traducción foi realizada, a partir dun orixinal en castelán, por Blanca-Ana Roig Rechou.

o ano 1928 mantiña unha correspondencia sobre arte e literatura. Ámbolos dous concibían o teatro como síntese de tódalas artes e iniciaron un diálogo sobre o tema que se publicou na revista *P.A.N.* Neses anos publica Eduardo Dieste o seu libro *Lógica del arte*, cun ensaio sobre o expresionismo, de Rafael. Falando da influencia do seu irmán díxome un día:

Fue un maestro a distancia, pues se marchó a América siendo yo muy niño.
Cuando empezaron a llegar sus niños ejercieron sobre mi una profunda y benéfica influencia.

Unha das noites que estabamos só os tres conversando en La Granja del Henar, alguén trouxo a noticia: Castelao estaba no Café Madrid-París, situado no primeiro andar dos almacéns SEPU. Eduardo e Rafael inmediatamente ergueron, invitándome a ir con eles. Ó vernos chegar, Castelao adiantouse, abrazou efusivamente a Eduardo e fomos ata a mesa na que estaban reunidos Basilio Alvarez, Suárez Picallo e outras figuras do galeguismo. Eduardo e Castelao lembraron a época na que colaboraran xuntos na revista *El barbero municipal*, nacida para combater o caciquismo entón dominante.

Por eses anos Rafael formaba parte de Misiones Pedagógicas, dirixindo por distintas provincias a representación de obras do teatro clásico español. Nunha das súas viaxes de volta a Madrid, entregoume o seu libro *La vieja piel del mundo*, un ensaio sobre a orixe do teatro e a loita dramática entre os conceptos apolíneo e dionisíaco da arte. Obra que me entusiasmou e sobre a que mantivemos prolongados diálogos. Recordo a profunda dedicatoria:

A Carlos, que busca una esfera armilar presentida en este libro.

Escribín un pequeno artigo para o xornal *El Sol*, que nunca souben se se chegou a publicar pois marchei a Lisboa, e poucas semanas despois estalou a Guerra Civil.

Con miles de compatriotas fuxindo das represalias que provocaría a tráxica derrota, Rafael Dieste coa súa muller ferida de metralla nun brazo pasaron a Francia, onde foi internado nun campo de concentración. Gracias á influencia do poeta Pablo Neruda, entón cónsul xeral de Chile en París, logrouse a súa liberdade, e meu pai invitounos a pasar na nosa casa de Holanda o tempo preciso para arranxar documentos, pasaxes e continuar o seu exilio a Arxentina.

Así volvemos reunirnos na Haya acompañándonos tamén Johan Brouwer, hispanista holandés, quen iniciara amizade con Rafael Dieste no Congreso de Intelectuais Antifascistas, en Valencia, no que participaron, e que anos despois, foi un dos dirixentes da resistencia antinazi no seu país. El cun escollido grupo de estudantes voaron o edificio da Gestapo en Amsterdam e foron fusilados ó mes de ser detidos. Naquelas semanas que pasamos xuntos, lembro que o meu irmán Octavio e eu golpeabamos suavemente moi cedo a porta da súa habitación, reclamando a súa presenza para aproveitar ó máximo a súa palabra. Era para nós a voz do saber certo e a verdade, tan necesaria nos anos xuvenís cheos de vacilacións, dúbidas que, aclaradas unhas aparecían outras.

Cando nos despedimos no porto de Amsterdam, ningún sospeitabamos que, anos máis tarde, tamén eu me vería obrigado ó duro exilio. Non sei por quen se enterara, pero ós poucos días de estadía en París, a súa reservada bondade fixo que me chegasen vinte libras esterlinas. Era lector na Universidade de Cambridge e veu pasar uns días a París. O Café de Fore o Dupont acollfan as nosas discusións sobre a filosofía de Kierkegaard e o teatro de Paul Claudel. Cando lle entreguei o manuscrito do meu drama *El ansia*, deume uns consellos moi lúcidos para evitar unha creación teatral teórica de máis e dialogante; porque pensaba que eu tendía á excesiva especulación.

Pasaron anos de silencio, que interrompeu unha fermosa carta de Rafael dende Buenos Aires, comentando o meu primeiro libro *Amanecer en Holanda*.

Entereime do seu regreso definitivo a España no ano 1961, pero ata o ano 1968 non puideron ir á Coruña. Atopeino igual ca sempre, fiel ás súas ideas políticas e concepcións estéticas. Unha tarde telefonoume e quedamos citados en El Manjar, unha simpática taberna da costa da rúa Unión, que nos quedaba moi preto ós dous. Tiña intención de publicar o seu ensaio *Luchas con el desconfiado*, que se editara en Buenos Aires no ano 1948, da man da editorial Sudamericana, e pedíume: «Revísalo, corrígelo, cambia lo que te parezca». Alí mesmo díxenlle que recordaba moi ben o seu libro, que era profético e debía deixalo sen modificar nada.

Cando viña a Madrid prolongábanse as tardes lembrando feitos da Guerra Civil, o involuntario exilio. A súa memoria era exacta e a longa ausencia da súa terra non embazou a límpida beleza do seu idioma galego.

Os veráns na Coruña, adoitabamos reunirnos na casa de Francisco Pillado, entón director de *La Voz de Galicia*. Algunhas veces tocaba o piano, dando renda solta á súa fantasía a través das súas afeccións máis profundas. Por certo, comentando alí, as posibles consecuencias do golpe militar de Tejero, caso de ter triunfado, Rafael expresouse contundentemente:

Yo volvería a luchar en el mismo lado, y volvería al exilio.

demostrando, unha vez máis a súa fidelidade ós ideais democráticos e revolucionarios da nosa Segunda República.

Durante toda a súa vida tivo un único amor, a súa esposa, sen a colaboración da cal non se tería desenvolvido en plenitude: unha utopía, a transformación do mundo; unha soa paixón, a Arte.

Carlos Gurméndez
Madrid